

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo - A Coruña

## CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 27 de abril de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### **"2.- PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS (PEID) PARA IMPLANTACIÓN DUNHA ÁREA DEPORTIVA NA LAGOA. APROBACIÓN DEFINITIVA. (CIPUM DE 21/04/2026)"**

O Presidente da sesión deu conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do día 21/04/2026, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do concelleiro delegado da Área de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade, de data 16/04/2026, contida no expediente 2024/U035/000001, cuxa parte expositiva transcríbese de seguido:

EXPEDIENTE: 2024/U035/000001  
ASUNTO: Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para implantación dunha área deportiva na Lagoa. Aprobación definitiva.  
PROMOTOR: Concello de Carballo  
REDACTOR: Alfredo Garrote Pazos, arquitecto xefe do Servizo de Urbanismo e Obras do concello de Carballo.

#### I. ANTECEDENTES

- Solicitude municipal á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade para o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada (AAEs) do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa o 29/11/2024, achegando o borrador e documento ambiental estratéxico (DAE), redactados polo arquitecto xefe do Servizo de Urbanismo e Obras deste Concello, Alfredo Garrote Pazos.

Esta documentación foi emendada o 19/12/2024 achegando as solicitudes e informes das empresas subministradoras, en relación aos servizos existentes no ámbito.

- A Dirección Xeral de Calidade Ambiental o 28/02/2025, núm. de rexistro de entrada 202590000001526, remite o Informe ambiental estratéxico (IAE) do PEID emitido pola directora xeral o 28/02/2025 (Expediente 2024AAE2956).

O IAE publícase no Diario Oficial de Galicia núm. 50 do 13 de marzo de 2025.

- O redactor elabora o 14/05/2025 o documento de aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa no que inclúe as condicións indicadas no IAE e nos informes emitidos durante o período de consultas da AAEs (apartado 13 da memoria xustificativa).

- Os servizos técnicos e xurídicos municipais emiten informe o 15/05/2025, no que se detalla a descrición do PEID, a súa xustificación, o axuste ás determinacións ambientais do IAE, o contido documental e o procedemento para a súa tramitación.

- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 19/05/2025 apróbase inicialmente o PEID da Lagoa, segundo o documento elaborado polo redactor o 14/05/2025.

- Sométese o documento ao trámite de información pública polo prazo de dous meses mediante anuncios publicados: na páxina web deste Concello o 04/06/2025; no taboleiro electrónico municipal o 05/06/2025; nos xornais Ideal Gallego e Diario de Bergantiños o 07/06/2025 (ambos) e no Diario Oficial de Galicia o 02/07/2025 (núm. 125), xunto coas notificacións individualizadas aos titulares catastrais coñecidos, incluídos no ámbito (último acuse recibido o 26/06/2025), segundo o establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 186.1.a) do regulamento que desenvolve esta lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro). Así mesmo, publicouse no Boletín Oficial do Estado do 04/07/2025 (núm. 160) as notificacións que resultaron infrutuosas, de acordo ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En relación a este trámite, a Secretaría Xeral do Concello emite o 09/09/2025 certificación de exposición ao público co resultado de terse presentadas as seguintes alegacións:

- Rexistro de entrada número 202599900003535 de data 04/06/2025.
- Rexistro de entrada número 202599900003816 e 202599900003837 de data 13/06/2025.
- Rexistro de entrada número 202500000003081 de data 16/06/2025.
- Rexistro de entrada número 202500000003952 de data 17/07/2025.
- Rexistro de entrada número 202500000004638 de data 19/08/2025.

- Rexistro de entrada número 20250000004834 de data 01/09/2025.
- Con data 03/06/2025 solicítanse os seguintes informes sectoriais ao respecto:
  - Administración do Estado: Delegación do Goberno e Dirección General de Telecomunicaciones del Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital.
  - Administración da Comunidade Autónoma: Augas de Galicia; Sección de Minas da Consellería de Economía, Empresa e Innovación e Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- A Delegación do Goberno en Galicia – Área de Fomento, emite o seu informe o 31/07/2025. Xunto con este achégase o emitido pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o 01/07/2025 (rexistro de entrada núm. 202590000004866 de data 31/07/2025).
- A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais da Secretaría Xeral de Telecomunicacións, Infraestruturas Dixitais e Seguridade Dixital emite o seu informe o 17/07/2025 (rexistro de entrada núm. 202590000004678 de data 21/07/2025).
- Augas de Galicia emite informe o 18/06/2025 (rexistro de entrada núm. 202590000004009 de data 20/06/2025).
- A Xefatura do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria emite dous informes: o primeiro é de data 07/07/2025 (rexistro de entrada núm. 202590000004390 de data 10/07/2025) e o segundo é de data 31/07/2025. Este último motivado pola solicitude do Concello dunha aclaración ao primeiro informe (rexistro de entrada núm. 202590000004887).
- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe o 02/09/2025 (rexistro de entrada núm. 202590000005402).
- O arquitecto xefe municipal elabora o 14/10/2025 o documento de aprobación provisional do PEID da Lagoa, incorporando as consideracións dos informes sectoriais emitidos e resolvendo as alegacións presentadas.
- Os servizos técnico e xurídico municipais emiten informe ao respecto o 16/10/2025 propoñendo a resolución das alegacións, a aprobación provisional do PEID e someter o expediente a informe preceptivo do Servizo de Urbanismo, previo á súa aprobación definitiva.
- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 20/10/2025 aprobouse provisionalmente o Plan especial da Lagoa e resolvéronse as alegacións.
- Notifícanse individualmente aos alegantes o acordo da Xunta de Goberno Local do 20/10/2025, mediante notificador municipal, por correo con acuse de recibo e telematicamente.
- Solicítouse o informe previo á aprobación definitiva do PEID ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (mediante sede electrónica, modelo MT101A) o 30/10/2025, núm. de rexistro electrónico da Xunta 2025/2999489), achegando a documentación completa do expediente e o documento aprobado provisionalmente dilixenciado.
- O Servizo de Urbanismo require documentación o 28/11/2025: informe da Consellería do Medio Rural.
- Solicítase á Consellería de Medio Rural o informe sectorial requirido o 04/12/2025 e comunícaselle esta circunstancia ao Servizo de Urbanismo na mesma data.
- A delegación territorial da Consellería do Medio Rural emite informe o 06/02/2026 (rexistro de entrada o 09/02/2026, núm. 202690000000902).
- Dáselle traslado do informe de Medio Rural á delegación provincial do Servizo de Urbanismo o 12/02/2026, núm. rexistro SIR 202690000000100.
- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda emite o informe previo á aprobación definitiva o 09/04/2026 (rexistro de entrada o 10/04/2026, núm. 202690000002532).
- O arquitecto xefe da Área de Urbanismo elabora o documento para aprobación definitiva o 14/04/2026.
- Os servizos técnico e xurídico municipais emiten informe o 15/04/2026 propoñendo a aprobación definitiva do documento.

## II. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTTPP).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).
- Lexislación sectorial: tendo en conta o obxecto do PEID haberá que ter en conta especialmente a lexislación sectorial de aplicación en materia de minas e do sector eléctrico.

## III. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS


### III.1. OBXECTO. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE.

Os técnicos municipais neste apartado, remítense ao indicado no informe previo á aprobación provisional, no que se sinala que a única diferenca co plan especial aprobado inicialmente refírese á superficie do ámbito do PEID que pasou de 81.551,00 m<sup>2</sup> a 81.823,00 m<sup>2</sup>. Este pequeno incremento de superficie de 272,00 m<sup>2</sup> (0,33%) debeuse á inclusión dentro do ámbito da superficie total das parcelas catastrais ocupadas en parte pola rúa Vila de Negreira.

### III.2. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA

A solución proposta no PEID non variou substancialmente respecto da que se contén no plan especial aprobado inicial e provisionalmente. A única variación prodúcese no incremento da superficie de viario que pasa de 2.744,75 m<sup>2</sup> a 3.016,75 m<sup>2</sup> debido ao incremento de 272,00 m<sup>2</sup> da rúa Vila de Negreira. Con ese cambio as superficies de cada zona son as que se indican a continuación:

- EQ-1/EQ-2: Zona das instalacións deportivas suman 25.356,35 m<sup>2</sup> que supón o 30,99 % do total do ámbito.
- ZV/EL-1: Zona verde en estado natural cunha superficie de 37.751,45 m<sup>2</sup> que supón o 46,14% do ámbito.
- PZ/EL-2: Praza pública que ten unha superficie total de 7.735,65 m<sup>2</sup> que supón o 9,45% do total.
- AP-1/AP-2/AP-3: Zonas de estacionamento público, suman un total de 7.962,80 m<sup>2</sup> que é o 9,73% do total.
- VIARIO: Ten unha superficie de 3.016,75 m<sup>2</sup> equivalente ao 3,69% do total da superficie do ámbito.



Ordenación proposta no PEID

### III.3. RESULTADO DOS INFORMES SECTORIAIS

No punto I deste acordo relaciónanse os informes sectoriais preceptivos que foron emitidos polos órganos correspondentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma. As conclusións e/ou observacións destes informes están incluídos nun cadro do apartado 15.1 da memoria xustificativa do documento. A totalidade dos informes foron favorables pero os emitidos por Augas de Galicia, polo Servizo de Enerxía e Minas e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural implican a inclusión dalgunhas prescricións de escasa importancia na documentación do plan especial, detalladas no informe dos técnicos municipais.

### III.4. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2025, resolvéronse as alegacións presentadas durante o tramite de información pública. Como se recolleu no citado acordo, presentáronse seis escritos de alegacións que se resolveron asumindo os argumentos e propostas do informe do redactor do plan especial. Este acordo foi notificado a todos os alegantes.

### III.5. DOCUMENTACIÓN.

Os documentos que integran o PEID son acordes ao seu contido e axústanse ás NNTTPP.

01.MX		Memoria xustificativa
	15019_PEID_202604_AD_MX_01INF	Memoria informativa
	15019_PEID_202604_AD_MX_02XUS	Memoria xustificativa
	15019_PEID_202604_AD_MX_03.2ANX_MOB	Anexo de mobilidade
02.PINF		Planos de información xeral
	15019_PEID_202604_AD_PINF_01SIT	Situación.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_02EMP	Emprazamento. Ámbito de actuación.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_03CAT	Parcelario catastral.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_04USOS	Usos do solo. Estado actual
	15019_PEID_202604_AD_PINF_05HIP	Mapa hipsométrico e mapa de pendentes.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_06.1TOPO	Estado actual. Topográfico.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_06.2PER	Estado actual. Perfís.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_07PLAN	Planeamento urbanístico.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_08MOB	Accesibilidade e mobilidade.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_09.1INF_ABAS	Infraestruturas de servizos. Abastecemento
	15019_PEID_202604_AD_PINF_09.2INF_SAN	Infraestruturas de servizos. Saneamento
	15019_PEID_202604_AD_PINF_09.3INF_ELE	Infraestruturas de servizos. Electricidade.

	15019_PEID_202604_AD_PINF_09.4INF_GAS	Infraestruturas de servizos. Gas.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_09.5INF_TELE	Infraestruturas de servizos. Telecomunicacións.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_10ALS	Afeccións da lexislación sectorial.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_11PAI	Paisaxe.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_12.1FOT	Reportaxe fotográfica.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_12.2FOT	Reportaxe fotográfica.
	15019_PEID_202604_AD_PINF_12.3FOT	Reportaxe fotográfica.
<b>03.PORD</b>		<b>Planos de ordenación urbanística</b>
	15019_PEID_202604_AD_PORD_01ORD	Ordenación proposta
	15019_PEID_202604_AD_AP_PORD_02ORD_CON	Ordenación proposta. Relación coa contorna.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_03PER	Ordenación proposta perfís transversais.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_04USOS	Uso global proposto no PEID
	15019_PEID_202604_AD_PORD_05ZON	Zonificación. Usos pormenorizados.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_06PLAN	Ordenación urbanística sobre o PXOM
	15019_PEID_202604_AD_PORD_07.0MOB	Mobilidade e accesibilidade. Actualización da Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade do concello de Carballo.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_07.1MOB_MED_COM	Medidas complementarias do PEID.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_08ZACUS	Zonificación acústica.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_09.1SERV_ABAS	Infraestruturas de servizos. Abastecemento.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_09.2SERV_SAN	Infraestruturas de servizos. Saneamento.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_09.2SERV_PLU	Infraestruturas de servizos. Pluviais.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_09.3SERV_ELE	Infraestruturas de servizos. Electricidade.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_09.4SERV_GAS	Infraestruturas de servizos. Gas.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_09.5SERV_TELE	Infraestruturas de servizos. Telecomunicacións.
	15019_PEID_202604_AD_PORD_10FASE	
<b>04.NU</b>		<b>Normas urbanísticas.</b>
	15019_PEID_202604_AD_NU_01NU	Normas urbanísticas.
<b>05.CAT</b>		<b>Catálogo</b>
	15019_PEID_202604_AD_CAT_NP	Catálogo. Xustificación innecesiedade
<b>06.EE</b>		<b>Estudo económico e memoria de viabilidade económica</b>
	15019_PEID_202604_AD_EE_01EE	Estudo económico.
	15019_PEID_202604_AD_EE_02MVE_NP	Memoria de viabilidade económica. Xustificación innecesiedade.
<b>07.AAE</b>		<b>Avaliación ambiental estratéxica</b>
	15019_PEID_202604_AD_AAE_01DAE	Documento ambiental estratéxica.
	15019_PEID_202604_AD_AAE_01OBX	Obxectivos da ordenación.
	15019_PEID_202604_AD_AAE_02ALT01	Alternativa 1.
	15019_PEID_202604_AD_AAE_03ALT02	Alternativa 2.
	15019_PEID_202604_AD_AAE_04ALT03	Alternativa 3. Elixida.
	15019_PEID_202604_AD_AAE_05IAE	Informe de avaliación estratéxica.

### III.6. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PEID.

O 09/04/2026 a directora xeral de Urbanismo emitiu o Informe previo a aprobación definitiva (IPAD) en senso favorable cunha serie de condicións. Estas condicións tiveronse en conta incluíndose as determinacións correspondentes na documentación do plan especial e que se detallan no informe dos técnicos municipais.

### III.7. NORMATIVA DE APLICACIÓN. ÓRGANO COMPETENTE.

En canto á tramitación do PEID, o procedemento de aprobación regúlase nos artigos 75 e seguintes da LSG e nos correlativos do RLSG (artigos 185 e seguintes).

Respecto da aprobación definitiva os artigos 75.44 e 186.4 do RLSG, establecen que:

«4. A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderalle ao órgano municipal competente (artigo 75.4 da LSG).

En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionados á súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 deste regulamento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña para tal efecto, a lexislación vixente en materia de réxime local.

*Sen prexuízo do indicado, o acordo de aprobación definitiva notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles tivese notificado a aprobación inicial deste, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro».*

*O artigo 82 da LSG (artigo 199 do RLSG) nos seus apartados 2, 3 e 4 indica que «2. O acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan e a referencia ao enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro do plan á disposición do público, (...). 3. O documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia. (...). 4. En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas á súa publicación de conformidade co establecido neste artigo, á inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da presente lei e ao que dispoña para ese efecto a lexislación vixente en materia de réxime local».*

*Pola súa banda, o artigo 212.2 do RLSG, en consonancia co artigo 88.3 da LSG, establece que «2. Os municipios deberán remitir á consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no citado rexistro, un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, dos instrumentos de planeamento urbanístico cuxa aprobación definitiva lles corresponda (artigo 88.3 da LSG), no prazo dun mes desde a data da aprobación municipal que proceda. A partir da súa recepción, entenderase producida a solicitude de inscrición».*

*O artigo 22.2 c) da LRBRL atribúe ao Pleno do Concello a competencia para «A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos».*

*De seguido, ábrese a quenda de intervencións.*

*Unha vez efectuadas as intervencións, sometese o ditame a votación.*

*O Pleno do concello, con 15 votos a favor (13 do BNG e 2 do PSdG-PSOE) e 6 votos en contra do PP, acorda:*

*Primeiro.- Aprobar definitivamente o Plan especial de infraestruturas e dotacións para «Implantación dunha área deportiva na Lagoa», segundo a documentación técnica asinada o 14 de abril de 2026 polo arquitecto xefe da Área de Urbanismo e Obras.*

*Segundo.- Publicar o acordo de aprobación definitiva, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia (DOG).*

*Terceiro.- Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e remitirle un exemplar do PEID debidamente dilixenciado, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia (ROTPG).*

*Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a normativa e ordenanzas reguladoras do plan especial.*

*Quinto.- Notificar o acordo de aprobación definitiva do PEID aos interesados e individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles tivese notificado a aprobación inicial, aos efectos do previsto no artigo 75.1 da LSG e 186.4 do RLSG.”*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.  
O alcalde